

BASE 22ª. - Ambito de aplicación.

As presentes normas serán de aplicación a todas as axudas e subvencións nas que a súa xestión corresponda na súa totalidade ó Concello de Valadouro.

Entenderase por axuda e subvención toda disposición gratuita de fondos Municipais que se otorgue con cargo ó Orzamento Xeral do Concello de Valadouro ou que, en xeral, contribúan ó desenvolvemento dos intereses peculiares do Municipio.

En todo caso as subvencións nominativas deberán outorgarse mediante acordo da Alcaldía-Presidencia, previa solicitude da asociación e incoación de expediente comprensivo da seguinte documentación:

- Certificado expedido polo Tesoureiro Municipal de que a Entidade beneficiaria está ó corrente das suas obrigas fiscais e tributarias ca Facenda Municipal.
- Certificado acreditativo da representación que ostenta o perceptor da subvención.
- Informe emitido polo personal da Secretaria-Intervención Municipal no

que se poña de manifesto a eventual existencia de outras axudas económicas concedidas pendentes de xustificación.

- Informe de fiscalización do Interventor Municipal.
- Declaración de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade, incapacidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

As presentes normas serán igualmente de aplicación a concesión de becas ou axudas para a realización de estudos, ensinanzas, e adquisición de material escolar que terán como finalidade aminorar o custe de acceso da poboación de menores recursos aos distintos niveis e tipos de ensino.

BASE 23ª. - Convocatoria de subvencións non nominativas.

As subvencións non nominativas outorgaranse baixo os principios de

publicidade, concurrencia e obxetividade.

BASE 24^a. Réxime das axudas.

As subvencións outorgaranse previa petición de parte con cargo ó orzamento municipal do exercicio 2009. O seu outorgamento será discrecional motivado e os seus importes non poderán ser revisados nen ampliados.

O importe das subvencións a conceder non superará o presupostado no orzamento municipal para o exercicio 2008 que ascende ás cantidades de:

- 7.000,00 euros para organización de eventos festivos (partida 451.489.04).
- 1.200,00 euros para organización de eventos deportivos (partida 452.489.02).

A subvención concedida non excederá do 75% do custo total da actividade subvencionada, sen que a mesma poida aisladamente ou conxuntamente con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos exceder do custo da actividade.

BASE 25^a. Solicitudes.

O prazo para presenta-las solicitudes será de 60 días naturais seguintes o da publicación da correspondente convocatoria no Diario Oficial de Galicia debendo publicarse integramente as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Solicitud segundo o anexo I, firmada polo Presidente da entidade.
- Fotocopia do DNI da persoa que asina a proposición.
- En caso de agrupacións sen personalidade xurídica a solicitude deberá ir firmada por tódolos membros da agrupación adxuntando fotocopia do DNI de cada un deles, respondendo todos eles solidariamente fronte o Concello das obrigas derivadas da concesión da subvención de conformidade co sinalado nos artigos 39 a 65 da lei 38/2003.

- En caso de agrupacións sen personalidade xurídica designación de representante que asumirá fronte o Concello os deberes previstos nas presentes Bases.
- Programa detallado da actividade ou servizo para a que se solicita a subvención con expresión do número de persoas as que se dirixe e medios persoais e materiais que se van empregar na súa realización.
- Presuposto total e desglosado por partidas da actividade a subvencionar.

BASE 26ª. Procedemento de Concesión.

O procedemento a seguir será o regulado no Capítulo II do Título I da Lei 38/2003 de subvencións, coas seguintes especialidades:

O órgano colexiado encargado de formular a proposta de resolución estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde-Presidente da Corporación.

Vocais: Un Concelleiro de cada formación política que obtivo representación no Concello

Secretario: Un funcionario da Corporación que actuará con voz pero sen voto.

O órgano competente para o outorgamento das subvencións será a Alcaldía-Presidencia mediante acordo motivado previa valoración do interese da actividade para o desenvolvemento do Concello, do número de cidadáns beneficiarios, da creación de novos servizos, etc...

A Alcaldía-Presidencia así como o órgano encargado de formula-la proposta de resolución poderán recabar os informes dos distintos servizos municipais que estimen necesarios antes de resolver as solicitudes formuladas.

A resolución de concesión será publicada no Diario Oficial de Galicia. Dito anuncio dacordo co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia deberá conter como mínimo o nome da entidade ou persoa física concesionaria, o DNI ou CIF, a finalidade da subvención e o seu importe así como a partida orzamentaria.

BASE 27ª. Xustificación.

O pago da subvención efectuarase unha vez xustificada totalmente o gasto efectuado e a tal efecto as asociacións e entidades beneficiarias de subvencións deberán presentar antes do 1 de novembro de 2009 no rexistro xeral do Concello o anexo II das presentes bases acompañado da seguinte documentación:

*Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas polo Secretario da Corporación ou autenticadas ante Notario xustificativas dos gastos efectuados. Ditas facturas deberán estar expedidas a nome da Asociación ou no seu caso ó cargo do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica.

*) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeneren gastos de inversión, xustificarse aportando os seguintes documentos:

-Adquisición de béns de equipo: factura orixinal ou fotocopia compulsada.
-Adquisición de béns inmoables: fotocopia compulsada de escritura pública e xustificantes de pago dos impostos correspondentes.

-Execución de obras: certificación de obra suscrita polo técnico Colexiado competente e relación valorada. Se as obras executáanse por contrata, a certificación de obra que poderá conter os gastos xenerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

Calquera outro medio de xustificación de valor probatorio con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención, e que deberán ser concretados nas bases da convocatoria ou no correspondente convenio, no caso de subvencións nominativas.

*Memoria detallada da actividade desenvolvida e declaración de ter cumprido o obxecto da subvención.

*Relación de ingresos e gastos da actividade.

*Relación no seu caso doutras axudas concedidas á Asociación para a mesma actividade.

Este rexime de pago e xustificación será de aplicación igualmente ás subvencións nominativas incluídas no Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2009.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor po resolución de procedencia de reintegro.

BASE 28ª Inspección e Control.

O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto ás actividades subvencionadas tendo dereito a acceder a toda a documentación xustificativa das mesmas así como requerir a asociación nos termos que precise de conformidade co disposto no Título III da lei 38/2003.

BASE 29ª. Infraccións e Sancións.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da lei 38/2003.

Serán causas de revocación e cancelación da subvención concedida as seguintes:

- *O incumprimento total ou parcial das condicións establecidas no outorgamento da subvención.

- *A desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación ou resolución.

- *O incumprimento da obriga de xustificación.

- *A duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, con cargo a créditos doutras Administracións Públicas.

- *O falseamento dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias.

- *A aplicación da prestación a fins distintos dos previstos.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

BASE 30ª. Obrigas dos beneficiarios.

As asociacións e entidades beneficiarias da concesión dunha axuda conforme ás presentes Bases asumen as seguintes obrigas:

*Xustifica-lo gasto realizado antes do 1 de novembro do 2009.

*Comunicar ó Concello por escrito a solicitude e obtención de axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público.

*Comunicar por escrito a modificación das circunstancias que motivaron a concesión da subvención.

Base 31ª. Modelos de solicitude e xustificación das subvencións.

As solicitudes de concesión e de abono das subvencións tanto nominativas como non nominativas axustaranse ós seguintes modelos:

ANEXO I SOLICITUDE DE SUBVENCIONES A ENTIDADES CIDADÁNS.

A asociación, con C.I.F. número, e domicilio en, rúa, teléfono, representada por Don, en calidade de de dita asociación, con domicilio en, rúa, teléfono....., diríxese o excelentísimo Concello de Valadouro e expón:

Que desexa que a asociación que representa sexa beneficiaria das subvencións e axudas económicas que outorga o Concello de Valadouro para a prestación de servizos e actividades de interese municipal para o que expón o programa de actividades a desenvolver e o seu orzamento total:

Servicio ou actividade para a que solicita a subvención:

.....

(Ver base segunda)

Finalidade:.....

Programa de actividades a realizar Orzamento.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Gasto total Previsto.....euros.

Por todo o exposto solicita:

1.- A concesión dunha subvención á asociación arriba indicada de..... Euros equivalente ó 75% do importe do gasto total previsto do programa de actividades a realizar dacordo co límite cuantitativo establecido na Base cuarta das Bases reguladoras de subvencións do Concello de Valadouro aprobadas na sesión plenaria celebrada ó..... de 2009.

En Valadouro ade.....de 2009.

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO.

**ANEXO II.
XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS.**

A asociación, con C.I.F. número, e domicilio en, rúa, teléfono, representada por Don, en calidade de de dita asociación, con domicilio en, rúa, teléfono....., diríxese o excelentísimo Concello de Valadouro e expón:

Que á nosa asociación e por Resolución da Alcaldía-Presidencia númerode data de 2009 foille concedida unha subvención por importe de Euros con cargo á partidado exercicio orzamentario de 2009 e para a realización da actividade ou programa

Que a efectos de xustificar o emprego dos fondos concedidos apórtanse facturas e documentos xustificativos dos gastos efectuados por un importe de Euros.

Que se cumpriu o programa de actividades así como o orzamento do mesmo que se expuxo na solicitude da subvención respetando o límite cuantitativo establecido na Base cuarta segundo a cal a subvención non pode exceder do 75% do custo total da actividade subvencionada.

Que a subvención outorgada polo Concello foi destinada ós fins específicos e concretos os que estaba afectada e que motivaron a concesión da mesma.

Que os ingresos derivados da realización da actividade incluída a subvención concedida polo Concello de O Valadouro e que ascenden á cantidade de Euros son inferiores os gastos da actividade que ascenderon a Euros.



CONCELLO DE
O VALADOURO

Que a Asociación que represento non obtivo ningunha outra axuda de persoa física ou xurídica, pública ou privada para a mesma actividade/cunta cunha axuda deeuros da entidade e que foi incluída na totalidade de ingresos recollida anteriormente.¹

Que a asociación que represento se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social para o que aporto os correspondentes certificados expedidos pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda/ declaración xurada.²

Por todo o exposto solicita:

Que tendo cumprido os requisitos establecidos a efectos de xustificación da subvención concedida lle sexa aboado á Asociación que representa o importe da subvención concedida mediante transferencia bancaria á conta que a asociación mantén aberta na Entidade, Oficina ou Sucursal..... e número de Conta

En Valadouro ade.....de 2009.

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO

¹Riscar a que proceda.

²A declaración xurada só será admisible en caso de que o beneficiario sexa unha persoa física ou unha agrupación sen personalidade xurídica.